sen os recursos humanos, materiais e económicos necesarios. A falta de apoios e de atención especializada supón un lastre para o alumnado NEES e NEAE mais tamén un prexuízo para o resto do estudantado que impide o correcto desenvolvemento do labor educativo.

A situación na que se atopa o CPI Plurilingüe de Monterroso non é extraordinaria nin única. Neste inicio de curso estamos a ver como se suceden a falta de persoal e recursos para a debida atención da diversidade en moitos centros educativos da provincia de Lugo e, en xeral, de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dotar de máis recursos humanos especializados o CPI Plurilingüe de Monterroso co obxectivo de garantir a máxima calidade na atención e apoio do alumnado con necesidades educativas especiais.”

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 29/10/2024 16:33:53

Cristina Fernández Davila na data 29/10/2024 16:33:58

Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2024 16:34:30





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe unha gran diversidade de solucións que facilitan a transición cara a un sistema enerxético baixo en emisións. Dentro desta diversidade de actores aparece por primeira vez a nivel Europeo, o 30 de novembro de 2016 (Directiva COMO (2016) 864), a figura de Comunidade Enerxética.

Segundo o Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) entidade dependente do Ministerio de Transición ecolóxica, competente na materia para a transposición das directivas europeas 2018/2001 e 2019/944 ao Regulamento español, unha comunidade enerxética local é “unha nova figura na cadea de valor socioeconómico do sector enerxético e un novo actor no gran abanico do escenario da transición enerxética. O seu papel reside a facilitar a participación proactiva dos amplos sectores da sociedade sobre a cadea de valor da enerxía, sempre desde unha posición local en canto ao territorio onde operan e en canto ao beneficio socioeconómico que xeran”.

Unha vez trasposta a definición das directivas ao ordenamento xurídico español, a Comunidade de Enerxías Renovables (CER) defínese e ten que cumprir os seguintes requisitos:

- Ser unha entidade xurídica de participación aberta e voluntaria.
- A entidade está controlada efectivamente polos seus socios ou membros (non hai un socio maioritario).





- O seu obxectivo é brindar beneficios sociais e ambientais nas zonas onde opera (ámbito).
- A entidade non persegue unha finalidade de obter ganancias financeiras (repartir dividendos).
- Os activos son propiedade da entidade xurídica Comunidade.
- Os socios ou membros sexan persoas físicas, pemes ou autoridades locais, incluídos os municipios.

As actividades principais con impacto social e ambiental que pode desenvolver unha comunidade enerxética local son:

- Xeración de enerxía principalmente procedente de fontes renovables.
- Prestación de diferentes servizos como a subministración, intercambio, asesoramento ou almacenamento de enerxía aos membros.
- Prestación de servizos de eficiencia enerxética.
- Prestación de servizos de recarga para vehículos eléctricos ou outros servizos enerxéticos.
- Todos poden participar no control enerxético do sistema.
- Participación social e mellora das condicións de vida en zonas rurais e urbanas.
- O uso de tecnoloxías limpas que xeran calor e/ou electricidade ofrecen alternativas seguras, fiables, limpas e cada vez máis rendibles ás nosas necesidades enerxéticas, contribuíndo así a reducir as emisións de gases contaminantes e ao impacto negativo do cambio climático.
- Investimento en eficiencia enerxética, pobreza enerxética, iniciativas de solidariedade para garantir que ninguén queda atrás e que todos poidan beneficiarse do sistema enerxético, incluídos os máis vulnerables.
- Educación e capacitación para membros, escolares e/ou o público en xeral.
- Promoción da democracia enerxética e apoderamento cidadán.





Así, podemos afirmar que as comunidades enerxéticas locais ofrecen a oportunidade de impulsar rapidamente a transición enerxética cara un sistema enerxético renovable, descentralizado, democrático e resiliente.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incentivar a participación da cidadanía nas comunidades enerxéticas locais para impulsar as vantaxes do autoconsumo compartido.
2. Crear unha plataforma de acceso público con todas as comunidades enerxéticas locais que inclúa os datos máis relevantes, e visibilice tanto a natureza das mesmas como o impacto positivo de cada unha delas nas localidades onde operan (natureza, cantidade de enerxía producida, tipo de enerxía, pegada de carbono e demais).
3. Dotar de recursos para a constitución das comunidades enerxéticas a través dunha liña de axudas para a contratación de asistencia técnica: realización de estudos de viabilidade, formulación de plans de negocio e/o plans de financiamento e para a instalación de enerxías renovables, sistemas de almacenamento de enerxía, vehículos cero emisións e puntos de carga.

Santiago de Compostela, 29 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2024 16:48:26
Nº Rexistro: 13864
Data envío: 29/10/2024 16:48:26.481

Patricia Iglesias Rey na data 29/10/2024 16:44:01

Lara Méndez López na data 29/10/2024 16:44:10

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/10/2024 16:44:18

CSV: B0P1S7B930405K12-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

47072

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, Encarna Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Vereas Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A situación da factoría de alúmina e aluminio na Mariña lucense continúa a ser de gran incerteza. O Goberno de España non foi quen en todo este tempo de garantir un marco enerxético estable e competitivo e a proposta de acordo entre Alcoa e Ignis EQT, que prevé incorporar esta segunda compañía como socio investidor, está condicionada ao apoio das administración e dos traballadores.

Ademais, recentemente vén de confirmarse que a factoría non poderá optar nesta anualidade a recibir ás axudas do mecanismo de compensación de custes de emisións indirectas de CO₂, nin beneficiarse dos recursos procedentes dos fondos europeos vinculados ao Perte para a descarbonización.

A isto hai que engadir que o Goberno de España non convoca a Mesa de Seguimento de Alcoa pese ás reiteradas peticións que teñen formulado tanto o comité de empresa como a Xunta de Galicia, co obxecto de facer análise da situación descrita e do cumprimento do pacto de viabilidade que asinaron traballadores e empresas e que incluía unha serie de investimentos nesta factoría.

Cómpre non esquecer o valor estratéxico que supón que a única fábrica de produción de aluminio primario que opera en España continúe activa. De feito, a súa actividade foi declarada esencial durante con motivo do Estado de alarma declarado durante a pandemia da covid-19 ao considerarse o aluminio como un metal básico para moitos sectores -a construción, a automoción, a farmacia ou o sector agroalimentario, entre outros-.

Tampouco hai que esquecer a relevancia dunha empresa cuxa actividade representa o 30% do PIB da provincia de Lugo, o que a converte nun dos principais motores económicos e de emprego da provincia e do conxunto da comunidade, así como a principal industria electrointensiva do país.



Finalmente resulta paradoxal que mentres outras empresas consideradas estratéxicas para o Goberno de España como Telefónica, Air Europa e, máis recentemente, Arcelor, entre outras, recibiron axudas públicas e apoios extraordinarios como o rescate, a factoría da Mariña non está a recibir o mesmo trato.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución, trasladar o seu apoio aos traballadores e traballadoras que, directa ou indirectamente, vénse afectados pola situación de incerteza da fábrica de alúmina e aluminio da Mariña lucense e amosa a súa solidariedade polas familias afectadas.

Asemade insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

- 1º- Convocar, de xeito urxente e inmediato, a mesa de seguimento do pacto de viabilidade coa participación ao máis alto nivel dos titulares dos ministerios de Industria e Turismo e de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.
- 2º- Esixir o compromiso para a consignación dos 74M€ correspondentes ao mecanismo de compensación de custes de emisións indirectas de CO2, que non percibiu esta empresa entre os anos 2018 e 2021 e o aumento da dotación orzamentaria destas axudas ata o máximo legalmente permitido pola normativa europea.
- 3º- Autorizar, sen máis dilación, os parques eólicos de competencia estatal vencellados a contratos a longo prazo para a produción de enerxía a prezos competitivos (PPAs) que prevén subministrar á factoría mariñá.





- 4º- Articular unha liña de axudas públicas e apoios extraordinarios que garantan o investimento para a modernización da planta no mesmo sentido que as que recibiron outras empresas tamén declaradas estratéxicas polo Estado.”

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 29/10/2024 17:56:22

Elena Candia López na data 29/10/2024 17:56:38

Rubén Lorenzo Gómez na data 29/10/2024 17:56:57

Cristina Sanz Arias na data 29/10/2024 17:57:11

María Deza Martínez na data 29/10/2024 17:57:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/10/2024 17:57:42

Miguel Fidalgo Iglesias na data 29/10/2024 17:57:51

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/10/2024 17:58:03

Ángel Rodríguez Conde na data 29/10/2024 17:58:11

Borja Vereza Fraiz na data 29/10/2024 17:58:22

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 29/10/2024 17:58:36





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O pasado día 23 de outubro, tivemos coñecemento de que o Sergas, ofrecera aos pacientes de oncoloxía da área sanitaria de Vigo, ser tratados no Complexo Hospitalario de Ourense (CHOU).

A xustificación que daba o propio Sergas, era o incremento de pacientes que se someten a radioterapia no Hospital Meixoeiro de Vigo, que atende non só a área Sanitaria de Vigo, senón tamén a de Pontevedra-Salnés.

No mes de xullo, coincidindo coa comparecencia no Pleno do Parlamento de Galicia, do conselleiro de Sanidade, transmitíase a preocupación do servizo de oncoloxía na cidade de Vigo.

No mes de setembro, tamén foi motivo de atención no pleno do Parlamento de Galicia o hospital de día do Hospital Álvaro Cunqueiro. Hospital de día que está saturado por incumprimento na execución do proxecto do Álvaro Cunqueiro.

Estamos de novo ante unha imprevisión por parte da Xunta de Galicia. E ante a falta de medios para dar resposta neste caso aos enfermos oncolóxicos.

E de novo unha presión máis para os profesionais sanitarios. Profesionais aos que queremos facer chegar o agradecemento e recoñecemento polo seu traballo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2024 18:08:03
Nº Rexistro: 13873
Data envío: 29/10/2024 18:08:03,780

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Solucionar de forma inmediata a situación dos pacientes oncolóxicos de Vigo, que se pretende que sexan atendidos no CHOU.
2. Incrementar os medios materiais e humanos no servizo de radioterapia de Vigo con previsión a curto-medio e longo prazo.
3. Presentar un informe antes do 31 de xaneiro de 2025, onde se recolla a situación de medios humanos e materiais de todos os servizos vinculados cos pacientes oncolóxicos na cidade de Vigo e a situación da listas de espera en cada un dos servizos afectados.

Parlamento de Galicia, 29 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 29/10/2024 17:58:35

Carlos López Font na data 29/10/2024 17:58:56

Silvia Longueira Castro na data 29/10/2024 17:59:14

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/10/2024 18:04:56

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

47077

@PSdeG



CSV: BGPSDTRBQ3HJQDdellk564
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso, Brais Ruanova Vilas-Boas e Xosé Manuel Golpe Acuña** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o accidente mortal acontecido no estaleiro da empresa Blascar na Graña, no Concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xoves 4 de outubro dous traballadores do estaleiro Blascar, na Graña, no Concello de Ferrol, sufriron un accidente moi grave que lles provocou queimaduras no 78% e no 98% dos seus corpos respectivamente. Un deles morreu ao día seguinte e o outro uns días despois.

Os dous finados estaban a traballar nunha das adegas do pesqueiro “Sempre Güeto”, tristemente coñecido por terse afundido diante das costas de Cedeira no ano 2021 levándose as vidas de dous mariñeiros.

Este accidente ten lugar nun escenario no que a Galiza leva anos encabezando as estatísticas de sinistralidade laboral no estado español e isto, que pode ter moitas e diferentes causas, sería imposíbel sen a tremenda tolerancia social e política, sobre todo política, cos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais que fai que en moitos casos a prevención non exista máis que nos papeis, sendo unha realidade absolutamente allea ao persoal traballador.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este accidente pode ser un dramático exemplo desta tolerancia, pois o estaleiro onde se produciu o accidente é coñecido na comarca de Ferrol por non cumprir as mínimas normas de prevención de riscos laborais.

O feito de ser un centro de traballo dedicado a unha actividade especialmente perigosa, como é a construción e reparación naval segundo establece o anexo I do regulamento de servizos de prevención, así como anteriores incidentes de carácter grave nunca deu lugar a unha intervención pública que corrixira a situación.

As competencias en materia laboral correspóndenlle á Xunta da Galiza, que ademais de ser a Autoridade laboral, é a encargada de planificar as actuacións en materia de saúde laboral e prevención de riscos, para o que conta co ISSGA.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a a promover unha cultura de tolerancia 0 cos incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais, a comezar por realizar unha condena pública por parte do presidente da Xunta ou do conselleiro de Emprego de todos e cada un dos accidentes laborais con resultado de morte que teñan lugar na Galiza”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 30/10/2024 09:45:02

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 30/10/2024 09:45:10

José Manuel Golpe Acuña na data 30/10/2024 09:45:21

Ana Pontón Mondelo na data 30/10/2024 09:45:36



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia **Carmen Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Jose Luís Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

A autopista do Atlántico, AP-9, representa hoxe un eixo de comunicación principal en Galicia ata o punto de vertebrar o territorio no que reside o 60% da poboación galega de feito, conecta cinco das principais cidades da nosa comunidade e os municipios do litoral atlántico e do interior.

Unha das reivindicacións principais de Galicia é a imprescindible a transferencia da AP-9 á nosa Comunidade, avanzar cara unha AP-9 gratuíta e galega. É innegable que unha xestión directa desta infraestrutura desde o territorio redundaría nunha administración máis acorde ás necesidades de Galicia e dos seus habitantes.

Con todo, tamén é indiscutible que ata que se acade a transferencia, corresponde ao Goberno de España, en particular ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, promover e priorizar as actuacións que é necesario materializar para mellorar a funcionalidade da AP-9 e dos municipios da súa contorna.

Nese contexto, unha recorrente demanda da veciñanza de Teo, liderada pola súa alcaldesa, é a conveniencia de executar un novo acceso desde este municipio ata a autopista para mellorar e favorecer a circulación do tráfico rodado ao seu paso por este termo municipal.

Teo é un dos poucos concellos atravesados pola autopista AP-9 de norte a sur e, pese a iso, a día de hoxe, non conta con ningún enlace de acceso directo á mesma. Unha conexión que ademais podería enlazar dentro do treito viario denominado Santiago norte – Santiago Sur, actualmente libre de peaxe.

Unha alternativa interesante sería conectar a autopista coa estrada provincial CP-8202, o que evitaría un importante fluxo de tráfico, xa que para empregar a AP-9 con dirección sur, os veciños de Teo necesitan desprazarse en sentido contrario cara o norte ata as saídas de Santiago - O Milladoiro para poder coller o enlace máis próximo.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Ese enlace está actualmente saturado, en momentos puntuais, con considerables retencións, que previsiblemente se agravarán cando comecen as obras de humanización do Milladoiro.

Polo tanto, atendendo a unha necesidade real da veciñanza de Teo e dos municipios limítrofes, resulta conveniente realizar un estudo de viabilidade para abrir esta nova entrada con dirección Vigo e unha saída para os vehículos que proceden de dita cidade unha vez superada a peaxe.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, previos os trámites necesarios, proceda a deseñar e executar un enlace directo, en ambos os dous sentidos, entre o municipio de Teo e a autopista AP-9 e, en función do deseño resultante, realice as xestións oportunas para construír esta infraestrutura á maior brevidade”

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2024 10:34:37

Carmen Pomar Tojo na data 30/10/2024 10:35:14

María Deza Martínez na data 30/10/2024 10:35:30

Cristina Campero Dorado na data 30/10/2024 10:35:41

Argimiro Marnotes Fernández na data 30/10/2024 10:35:54

José Luis Ferro Iglesias na data 30/10/2024 10:36:22

Katherinie Varela Fernández na data 30/10/2024 10:36:39

Gonzalo Trenor López na data 30/10/2024 10:36:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2024 10:38:27
Nº Rexistro: 13892
Data envío: 30/10/2024 10:38:27.508

Roberto Rodríguez Martínez na data 30/10/2024 10:36:59

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/10/2024 10:37:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o recoñecemento do exercicio do dereito de folga das profesionais da avogacía e procuradoría adscritas á quenda de oficio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Declaración Universal de Dereitos Humanos e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea recoñecen expresamente o dereitos de todas as persoas á defensa dos seus dereitos ante un xuíz imparcial, contemplando a propia Carta Europea que, para garantir a efectividade deste dereito, oes Estados deberán establecer un sistema de asistencia xurídica gratuita para todas as persoas que carezan de recursos abondos.

Actualmente este servizo estase a prestar polos Colexios Profesionais da Avogacía e da Procuradoría, tanto coa súa propia infraestrutura e organización, como por medio das profesionais que realizan os traballos de asesoramento, asistencia e representación.

Dende o mes de novembro de 2023 un bo número das avogadas e procuradoras que atenden a quenda de oficio e a asistencia xurídica gratuíta están en folga indefinida pola defensa da dignificación do servizo e da mellora das condicións profesionais e sociais en que se presta. No anuncio da convocatoria de folga o sindicato convocante





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indicaba o servizos que, por considerarse esenciais, se seguirían atendendo, sen que conste a existencia de resposta por parte da autoridade laboral.

O exercicio lexítimo do dereito de folga por parte destas profesionais, como anteriormente acontecera coa xudicatura, LAXs e tamén traballadoras dos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial, esta a provocar a suspensión dun número importante de xuízos, vistas e dilixencias de distinto carácter que adían a resolución dos procedementos.

Após máis de 11 meses de conflito a situación é que, o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, consellaría responsable da xestión da quenda de oficio e da asistencia xurídica gratuíta, aínda non se reuniu coa representación das traballadoras en folga; a Xunta de Galiza presentou uns orzamentos que non van permitir unha mellora significativa das condicións en que se presta o servizo; e a inasistencia a vistas ou xuízos como consecuencia do exercicio lexítimo do dereito de folga esta dando lugar apercibimentos e mesmo da incoación de procedementos sancionadores contra as profesionais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza reconece o dereito de folga das traballadoras adscritas á quenda de oficio e ao servizo de xustiza gratuíta, interesando que o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes se reúna coa representación das traballadoras en conflito a fin de alcanzar un acordo para a mellora do servizo e das condicións das condicións das profesionais que o prestan.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/10/2024 11:39:59

Óscar Insua Lema na data 30/10/2024 11:48:18

Ana Pontón Mondelo na data 30/10/2024 11:48:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto, Ariadna Fernández González** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández e Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a valorización da produción de becerros galegos e o fomento da transformación local ante a fuga de becerros a outras comunidades.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gandería na Galiza é un sector estratéxico que contribúe de maneira fundamental á economía e ao desenvolvemento rural. Nos últimos anos o sector gandeiro galego vén afrontando diversas problemáticas que poñen en risco a súa viabilidade, entre as que destacan a falta de prezos xustos para o gando e a saída masiva de becerros cara a outras comunidades autónomas. Estes dous factores están interrelacionados e derivan nunha falta de competitividade para os produtores galegos, reducindo a capacidade de xeración de ingresos xustos e de manter as explotacións familiares no rural galego.

En Galiza, a produción de carne de tenreira é moi significativa, sendo un dos principais produtos do sector gandeiro. Porén, cada ano unha gran parte dos becerros criados son enviados a outras rexións do Estado debido á falta de matadoiros e infraestrutura axeitada para o procesado e distribución dentro de Galiza. Este fenómeno tradúcese en que os produtores galegos deben vender os seus animais a intermediarios que, en moitos casos, impoñen prezos moi baixos, xa que teñen o control sobre o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mercado e sobre as vías de distribución e comercialización. Ao vender a baixo prezo, o valor engadido da produción de carne de calidade non fica na Galiza, senón que se perde ao saír cara outras comunidades.

O sector gandeiro galego sofre unha presión crecente polos prezos baixos que se lle ofrecen aos produtores, mentres os custos de produción (alimentación, enerxía, combustible, etc.) non deixan de aumentar. Esta situación leva a que moitos gandeiros teñan que traballar por debaixo dos custos de produción, sen lograr uns ingresos suficientes para cubrir os gastos básicos, o que compromete gravemente a continuidade das explotacións. A conxuntura actual de prezos non só desincentiva a actividade gandeira, senón que tamén contribúe ao despoboamento do rural, ao non ofrecer alternativas laborais sostibles para a poboación máis nova que, ante a falta de oportunidades no rural, opta por desprazarse ás áreas urbanas ou a outras comunidades.

Nesta situación a defensa do sector gandeiro galego e dos seus produtos é fundamental para lograr un desenvolvemento sostible do medio rural galego, e para iso é necesario promover medidas que incentiven a transformación, comercialización e consumo da carne de tenreira dentro da Galiza, permitindo que o valor engadido quede na nosa comunidade. Así pois, é preciso unha intervención axeitada contribuíría a reducir a dependencia doutros mercados, permitindo aos produtores galegos manter os seus prezos e, polo tanto, a rendibilidade das súas explotacións. Ademais, este apoio favorecería o emprego e a dinamización do medio rural, logrando un desenvolvemento máis equilibrado e respectuoso co territorio.

En consecuencia, o BNG considera que é necesario implementar medidas para fortalecer o sector gandeiro galego, incentivando a engorda, sacrificio e transformación de carne de becerro na Galiza, coa finalidade de xerar maior valor engadido no territorio e mellorar as rendas dos gandeiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galega presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver un plan integral de apoio ao sector do vacún de carne, centrado en:

- Promover e incentivar a instalación e modernización de centros de transformación de carne na Galiza, co fin de reducir a dependencia doutras comunidades e captar o valor engadido do produto.

- Crear incentivos fiscais para a mellora dos matadoiros e salas de despezamento na Galiza, de maneira que poidan procesar un maior volume de carne e atender á demanda dos produtores locais.

2. Impulsar campañas de promoción e apoio ao consumo de carne galega, con especial atención á identificación e diferenciación dos produtos cárnicos galegos mediante certificacións de calidade, como o selo de IXP.

3. Realizar estudos de mercado e de viabilidade para fomentar a creación de cooperativas de transformación cárnica, co obxectivo de mellorar o poder de negociación dos gandeiros e reducir a dependencia de intermediarios doutros territorios.

4. Establecer programas de formación e asesoramento para a xestión eficiente das explotacións e a diversificación da súa produción”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
Montserrat Valcárcel Armesto
Ariadna Fernández González
Secundino Fernández Fernández
Deputadas e deputado G.P. do BNG
Luís Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 30/10/2024 12:09:50

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2024 12:10:02

Ariadna Fernández González na data 30/10/2024 12:10:21

Secundino Fernández Fernández na data 30/10/2024 12:10:40

Luis Bará Torres na data 30/10/2024 12:11:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández**, **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as paradas do transporte escolar do CEIP Xoán de Requeixo de Chantada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai xa bastante tempo, o grupo parlamentar do BNG é coñecedor de tres casos relativos ao transporte escolar para o CEIP Xoán de Requeixo de Chantada que veñen causando un prexuízo notable a tres familias. O transporte, que decorre pola vía LU-P-1802 fai paradas a polo menos 400 metros do lugar onde viven estras tres rapazas (nas parroquias chantadesas de Sabadelle e Merlán) provocando un problema importante dado que, por motivos laborais, son as avoas e avós das rapazas as que se encargan delas polas mañás antes do horario lectivo.

Sabemos que se poderían desprazar estar paradas sen practicamente causar prexuízos ao transporte escolar, algo que ademais de ser unha medida sinxela resolvería o problema case de modo instantáneo. Coñecemos tamén que estas liñas son de transporte integrado, é dicir, que non atenden só crianzas, senón tamén poboación xeral. Con todo, tamén nos consta que estas paradas son practicamente só usadas para o transporte escolar. Non parece lóxico, por tanto, facer a estas rapazas percorrer 400 metros dúas veces ao día nunha vía perigosa, podendo simplemente mover as paradas.

É o deber da Xunta de Galiza atender as necesidades da poboación galega, por riba de trabas burocráticas. Non entendemos a inflexibilidade do Goberno galego neste





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso, cando noutros casos, a administración é totalmente flexible a mudar normas ou eliminar burocracia.

Ante esta situación, apelamos á acción do Goberno da Xunta de Galiza e que resolva un problema constatado desde hai máis de catro anos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a

1. Atender as peticións das familias afectadas nas parroquias chantadesas de Sabadelle e Merlán e desprazar as paradas do transporte escolar para o CEIP Xoán de Requeixo 400 metros na LU-P-1802 para cumprir as peticións reiteradas polas familias.

2. Garantir que o transporte escolar en Chantada para o CEIP Xoán de Requeixo se ofrece de forma segura para as crianzas e as familias”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Cristina Fernández Davila

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 30/10/2024 13:34:22

Paulo Ríos Santomé na data 30/10/2024 13:34:36

Cristina Fernández Davila na data 30/10/2024 13:34:48

Ana Pontón Mondelo na data 30/10/2024 13:35:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os Sobreirais do Arnego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Rede Natura 2000 de Galiza, conformada por 16 ZEPA (zona de especial protección de aves) e 59 ZEC (zona de especial conservación), abarca no seu conxunto 475.569,7 hectáreas de superficie, segundo datos da propia Consellería de Medio Ambiente. O Plan Director da Rede Natura 2000 clasifica os ZEPA E ZEC en tres grupos, que son a área litoral, as zonas húmidas e corredores fluviais e a área de montaña, xuntándose obxectivos e medidas para cada un deles, que no total supoñen un 12% da superficie do país, moi por debaixo da media do estado español (27,35%), detalle que chama a atención ao fixarse na riqueza ecosistémica coa que contamos en Galiza e que se sitúa fóra das medidas idóneas para a súa conservación, sen asegurar a supervivencia de especies e hábitats a longo prazo.

As funcións en materia de conservación, protección, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural de Galiza e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para xeracións futuras serán exercidas, segundo o Decreto 42/2019 do 28 de marzo polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, son responsabilidade da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. É deste xeito como se atribúen as competencias de conservación específica dos espazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que compoñen a Rede Galega de espazos protexidos e a Rede Natura 2000 de Galiza a dito órgano e do que dependen, asemade, as zonas ZEPA E ZEC.

Dentro da Rede Natura 2000, encadrados como sona de especial conservación, atopamos os Sobreirais do Arnego, que contan cunha superficie protexida de 1.080,83 hectáreas, a cabalo entre os concellos de Agolada, Lalín e Vila de Cruces. O elemento común arredor do que se sitúan as sobreiras é o río Arnego, afluente do Ulla, en cuxo val asociado, de singulares condicións climatolóxicas, medra esta especie arbórea máis propia de climas suaves mediterráneos, concentrándose alí o maior número de exemplares do nordeste ibérico e constituíndo unha das principais reservas de xermoplasma desta especie en Galiza e na totalidade da península ibérica.

A importancia destas reservas do norte, radica en que o cambio climático afecta de xeito moi negativo as sobreiras situadas no sur da península, de maneira que a conservación dos exemplares presentes en Galiza, tanto na conca do Arnego coma do Ulla, son cruciais no futuro para a pervivencia da especie, situándoa nun índice crítico de vulnerabilidade.

Deste xeito, o Sobreiral do río Arnego constitúe un enclave fundamental para a conservación da especie non sur de Europa, sendo obxecto dunha estrita xestión de conservación, que observamos non se está garantindo por parte dos órganos competentes nesta materia. O colectivo ecoloxista Adegas, no mes de xuño de 2024, tivo constancia da corta de masas frondosas en varias parcelas de Agolada que logo se dedicaron á repoboación con eucalipto. Do total das 12 parcelas, 10 delas estaban dentro da ZEC Sobreirais do Arnego, incumprindo o decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galiza e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No artigo 57 deste Decreto, relativo aos usos forestais dentro da Rede Natura 2000, no seu apartado 3 referente á normativa xeral, atopamos especificado na letra “d” que versa sobre os aproveitamentos de masas forestais na Rede Natura 2000, que nas masas forestais de frondosas de carácter autóctono coma as das parcelas antes referidas en Agolada, poderán ser autorizadas cortas selectivas garantindo a conservación dos solos e dos compoñentes naturais e non supoñan unha deterioración sobre os hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE, considerándose usos prohibidos, segundo a letra “i” as cortas a feito ou a matarrasa sobre formacións arborizadas naturais e, especialmente, sobre aquelas incluídas no anexo referido anteriormente.

No caso da decena de parcelas afectadas polas cortas en Agolada incumprírase dito decreto ao realizárense sen autorización segundo se denunciou hai meses xa, sen que a Xunta de Galiza dera resposta sobre os feitos acaecidos na Zona de Especial Protección, incumpríndose ao mesmo tempo a normativa relativa a plantación de eucalipto na totalidade das parcelas referidas, xa que ata finais de 2025 non poden realizarse novas plantacións de dita especie, como recolle a Lei de Recuperación de Terras Agrarias, sen poder efectuarse onde antes houbo frondosas autóctonas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a:

1. Levar a cabo unha vixilancia activa das zonas ZEC que permita que o órgano competente en conservación da natureza actúe coa maior axilidade posible nos casos nos que a Rede Natura 2000 sexa ameazada con este tipo de actos e actividades non permitidas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Crear unha liña de axudas para que os propietarios/as de fincas que se sitúen na Rede Natura 2000, en concreto na zona ZEC Sobreirais do Arnego, perciban axudas compensatorias ao non poder levar a cabo nelas os usos habituais que poden ter en zonas que non sexan de especial protección, facendo rendible economicamente ditos terreos.

3. Crear un plan específico de protección da sobreira, no que se desenvolvan varias liñas de acción e protección concretas, tales coma a valoración do estado desta especie frondosa a raíz da cantidade de pés mortos que aparecen no sobreiral do Arnego ou a recollida de xermoplasma da especie na zona citada.

4. Crear un plan de aproveitamento galego da cortiza, que se leve a cabo coas medidas precisas a novel de sanidade vexetal que garantan a protección da especie e o seu aproveitamento simultáneo”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 30/10/2024 17:03:22

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2024 17:03:31

Luis Bará Torres na data 30/10/2024 17:03:46



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz, **Alberto Pazos Couñago**, e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen María Pomar Tojo, Raquel Arias Rodríguez María Elena Candia López, Katherinie Varela Fernández, José Manuel Mato Díaz, María Encarnación Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Nicole Grueira Fernández, Cristina Sanz Arias, Víctor Baladrón Lamas, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, José Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Miguel Ángel Viso Diéguez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

A Ribeira Sacra é unha paisaxe singular cuxos valores residen no enxeño humano para adaptarse á explotación da auga a través dos séculos, legándonos un excepcional patrimonio hídrico merecedor do seu recoñecemento mundial.

Con este obxectivo, en 2021, despois dun aprazamento estratéxico da candidatura que se presentou en 2017, foi reformulada a proposta como Patrimonio Mundial centrándose nunha relectura da paisaxe centrada na auga, co obxectivo de atender as obxeccións do Icomos ao expediente orixinal.

Durante os anos 2022 e 2023 analizouse dende a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a mellor estratexia para a elaboración da candidatura.

Neste 2024, no mes de abril, o Consello do Patrimonio Histórico Español aprobou por unanimidade a presentación da Candidatura para a súa remisión á Unesco. E no mes de setembro o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, acompañado pola directora xeral de Patrimonio Cultural, entregaron un avance da candidatura a Miquel Iceta, embaixador de España ante a Unesco, para a súa revisión desde o punto de vista formal, avaliando se o seu contido é completo. Este manifestou o seu apoio, e así o reiterou durante o Congreso Internacional Fontes, celebrado entre os pasados 28 e 29 de outubro.





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución, expresar o seu apoio á candidatura Paisaxe da Auga: Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade da Unesco, e defendela como unha proposta idónea e de consenso, que involucra a administracións, entidades, axentes económicos e veciños da contorna”

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2024 18:20:07

Carmen Pomar Tojo na data 30/10/2024 18:21:24

Raquel Arias Rodríguez na data 30/10/2024 18:21:43

Elena Candia López na data 30/10/2024 18:22:57

Katherinie Varela Fernández na data 30/10/2024 18:23:11

José Mato Díaz na data 30/10/2024 18:23:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/10/2024 18:23:33

Enrique Barreiro Sánchez na data 30/10/2024 18:23:55

Nicole Grueira Fernández na data 30/10/2024 18:24:02

Cristina Sanz Arias na data 30/10/2024 18:24:37

Víctor Baladrón Lamas na data 30/10/2024 18:24:58

Cristina Campero Dorado na data 30/10/2024 18:25:01

Juan Manuel Casares Gándara na data 30/10/2024 18:25:34

José Luis Ferro Iglesias na data 30/10/2024 18:25:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2024 18:28:51
Nº Rexistro: 13924
Data envío: 30/10/2024 18:28:51.763

Argimiro Marnotes Fernández na data 30/10/2024 18:26:05

Noelia Pérez López na data 30/10/2024 18:26:07

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 30/10/2024 18:26:37

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/10/2024 18:26:39

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/10/2024 18:27:03

Julio García Comesaña na data 30/10/2024 18:27:06

Patricia García González na data 30/10/2024 18:27:37

Raúl Santamaría González na data 30/10/2024 18:27:39

Cecilia Vázquez Suárez na data 30/10/2024 18:28:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0P5T8DQ3Z1E0V0PH6764
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Secundino Fernández Fernández, Luís Bará Torres** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto e Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, relativa ás axudas aos danos provocados polo temporal Kirk nos castiñeiros e na produción de castaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os soutos de castiñeiros forman parte da paisaxe das montañas orientais de Ourense e Lugo; pero a parte da beleza paisaxística que crean estas formacións arbóreas teñen unha grande compoñente económica.

Galiza é o territorio do Estado con maior produción de castaña. No conxunto de Galiza hai preto de 50.000 hectáreas soutos de castiñeiros, segundo datos da Xunta. A presenza é maior nas zonas de interior e da montaña de Ourense e Lugo. Comarcas como Viana do Bolo, Couso-Frieiras, Valdeorras, Trives ou Verín ou concellos como Viana do Bolo, Vilariño de Conso, O Bolo, A Mezquita, A Gudiña, Vilardevós, Riós, Manzaneda ... son algúns dos exemplos das importantes producións de castaña.

Os castiñeiros, coa súa grande produción de castañas, dan lugar a unha actividade fundamental para a economía da montaña ourensá; zona de alta produción pois os ingresos que xera repercuten directamente noutros sectores e son vitais para a dinamización socioeconómica destas comarcas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A produción deste saboroso froito constitúe un complemento indispensable para as rendas das explotacións gandeiras e para toda a economía deste territorio.

- Quen non ten algún souto, algún castiñeiro nestas comarcas.
- Quen non souta bullores nesta época e se leva de paso un complemento económica para a casa.

Nos últimos anos o castiñeiro e a castaña sufriu graves problemas que minguaron a súa produción; dende as xeadas extemporáneas que arruinaron a colleita algún ano, as pragas como a vespa do castiñeiro ou enfermidades tanto do froito como da árbore. A estes problemas coa produción únese o estancamento dos prezos ao produtor.

Nos pasados anos a Xunta de Galiza fixo caso omiso das demandas das mulleres e homes que manteñen este ecosistema tradicional tan importante tanto dende o punto de vista ambiental, cultural, etnográfico, como económico. A Xunta dedicouse a vender moito fume en relación aos soutos, pero non arbitrou ningunha axuda directa ante a caída da produción.

A primeiros de outubro a tormenta, borrasca Kirk pasou por Galiza con fortes ventos e choivas provocando destrución ao seu paso e no caso das producións agrícolas danos moi importantes e cuantiosos. No caso dos soutos de castiñeiros os danos foron fundamentalmente polo derrubo de árbores, algúns incluso centenarios, rotura de polas co seu froito e sobre todo polo caída dos froitos, as castañas, antes de tempo cando aínda están nos ourizos. Estes danos foron moi graves nos concellos de Viana do Bolo, O Bolo, Vilariño de Conso e a Mezquita

Dende a Indicación Xeográfica Protexida, o seu presidente Jesús Quintá indicou nos medios de comunicación que o temporal Kirk, que chegou a Galiza o pasado 9 de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outubro, afectou aos soutos de castaño tirando moito froito e tamén rompendo ramas cargadas de ourizos. “Hai zonas que verán reducida a súa produción por esta incidencia climatolóxica”.

Finalmente, destacar que ditas producións son vitais para manter actividade e emprego nas zonas rurais, e por iso non se trata simplemente de abordar este problema como un auxilio para compensar a perda que vai haber nesta produción agraria, senón un apoio decidido á economía agraria que sustenta a fixación de poboación no rural do país, e con iso o seu futuro.

Así pois, a Consellaría de Medio Rural ten que tomar a iniciativa e axudar as produtoras e produtores ante a importante caída na produción e a destrución que causou o temporal nos soutos.

Dende o Bloque Nacionalista Galego sempre estaremos do lado destas mulleres e homes que manteñen estas formacións arbóreas e esta paisaxe centenaria que forman os soutos ao mesmo tempo que dan vida e manteñen un futuro nas parroquias da Galiza interior.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galega presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a arbitrar unha liña de axudas para as produtoras e produtores de castaña que sufriron perdas debidas ao temporal Kirk tanto polos danos nos soutos como pola mingua da produción”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2024

Asdo.: Secundino Fernández Fernández

Sonia Vidal Lamas

Montserrat Valcárcel Armesto

Ariadna Fernández González

Deputado e deputadas G.P. do BNG

Luís Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 25/10/2024 13:09:06

Sonia Vidal Lamas na data 25/10/2024 13:09:24

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/10/2024 13:09:49

Ariadna Fernández González na data 25/10/2024 13:10:15

Luis Bará Torres na data 25/10/2024 13:10:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores e Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa á necesidade de dotar ao Centro de Educación Especial de Vilagarcía dos profesionais precisos para prestar unha atención de calidade aos 62 alumn@s do mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do Centro de Educación Especial de Vilagarcía está a denunciar a situación que está vivindo no seu día a día ante a falta de profesorado especialista, coidadores e unha enfermeira a tempo completo.

Nos últimos seis anos o alumnado do centro, de até 20 anos, viuse incrementado de 30 a 62, máis do dobre, mais isto non repercutiu en que o persoal do mesmo se vise incrementado nin de xeito proporcional, nin atendendo as particularidades concretas que as alumnas e alumnos presentan. No 2018 contaban con 6 coidador@s para 30 alumnos, agora no 2024 contan con 7 para 62.

Ademais, esta situación viuse agravada co traslado ao CEE de dous alumnos procedentes de centros ordinarios, nos que contaban con profesorado e persoal de apoio propio, a formar parte do que só un pasou ao cadro de persoal do centro de educación especial. Vemos como agora estes dous alumnos ven diminuída a calidade da atención.

Como agravante desta situación, a enfermeira que prestaba servizo durante a xornada lectiva do centro de 09.00 a 14.45, viu agora reducida a súa presenza no mesmo debido a ter que atender a unha alumna dun centro de Ribadumia. A día de hoxe a xornada que realiza no CEE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Vilagarcía de Arousa vai dende as 13.00 ás 14.45 h. Veu reducida a súa xornada a unha hora e corenta e cinco minutos, fronte ás 5.45 anteriores.

Hai que ter en conta que no centro contan con alumnado con grados de dependencia entre o 40 e o 90%, a maioría arredor do 80%. Precisan atención continua, tanto docente coma sanitaria, xa que o alumnado do centro teñen unha gran diversidade de problemas problemas físicos, de mobilidade, motricidade, logopedia, atragantamentos ou incluso de epilepsia, polo que requiren control sanitario. Dende a ANPA e a dirección do centro indican que a redución ao mínimo da presenza de profesional de enfermería, aumenta a necesidade de solicitar a asistencia dunha ambulancia para prestar a atención inmediata no momento que se dan.

Como resposta ás protestas realizadas, e á concentración que o 23 de outubro realizou a comunidade educativa ás portas do centro, dende a Consellaría chamaron ao centro para anunciar a contratación dun profesores de PT (pedagogía terapéutica) que se sumará ao que se incorporado en setembro, tras o traslado dos dous alumnos mencionados e a contratación dunha persoa coidadora.

As familias e a dirección consideran que estas incorporacións son un avance, mais é claramente insuficiente, manifestan que como mínimo precisan dúas coidadoras e a enfermeira a tempo completo, para unha garantía mínima de atención e seguridade de todo o alumnado.

A atención á diversidade ten que concretarse en medidas, oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Co número de profesionais existente no Centro de Educación Especial de Vilagarcía, non é posíbel a atención individualizada que o alumnado do mesmo precisa, unha atención educativa de calidade tendo en conta as características e capacidades de cada alumna e alumno.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dotar ao Centro de Educación Especial de Vilagarcía dos recursos humanos precisos para que o seu alumnado, cun elevado nivel de discapacidade, teña a atención de calidade que precisan. No inmediato dotar a atención de enfermería na totalidade do horario lectivo, e unha/un coidadora/o.”

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/10/2024 16:48:57

Cristina Fernández Davila na data 25/10/2024 16:49:07

Ana Pontón Mondelo na data 25/10/2024 16:49:19





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Borja Verea Fraiz, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Pablo Javier Prieto Perille, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Exposición de Motivos

O domingo 6 de outubro, tivo lugar en Santiago de Compostela unha manifestación para reclamar un cesamento do fogo en Palestina. Ao rematar a concentración, algúns participantes dirixíronse cara a un local de restauración situado no centro da cidade.

Unha vez alí, un grupo dunhas vinte persoas, segundo as informacións, accederon ao local portando pancartas, bandeiras, tambores e lanzando panfletos, increpando aos traballadores e aos clientes que se atopaban no establecemento.

Estes altercados requiriron da actuación de varias dotacións da Policía Nacional para que os manifestantes cesasen a súa actitude e permitisen continuar coa actividade ordinaria deste local de restauración.

Como consecuencia destes feitos, nove policíaas foron feridos, un deles cun cóbado roto. Pero a pesar disto, o goberno municipal do BNG cualificou a actuación policial como “algo excesiva”, en boca da súa portavoz e referendada pola alcaldesa, Goretti Sanmartín.

O goberno en minoría do BNG, que so acadou seis concelleiros de vinte cinco nas pasadas eleccións municipais, non representa a maioría da



ciudadanía de Santiago, que sempre se situou ao carón das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que traballan para garantir a seguridade de todos os cidadáns.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Pleno do Parlamento de Galicia acorda como resolución:

1º- Condenar os altercados violentos acontecidos en Santiago de Compostela o pasado 6 de outubro de 2024 e, en consecuencia, solidarizarse cos policías feridos e amosar o seu apoio ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado

2º- Reprobar ao goberno en minoría do BNG polas súas declaracións contra a Policía Nacional en relación cos devanditos incidentes e por non solidarizarse cos traballadores dos establecementos asaltados, nin cos policías feridos

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/10/2024 17:13:49

Borja Vereza Fraiz na data 25/10/2024 17:14:11

María Felisa Rodríguez Carrera na data 25/10/2024 17:14:24

Paula Prado del Río na data 25/10/2024 17:14:38

Julio García Comesaña na data 25/10/2024 17:14:56

Roberto Rodríguez Martínez na data 25/10/2024 17:18:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2024 17:20:21
Nº Rexistro: 13776
Data envío: 25/10/2024 17:20:21.180

Pablo Prieto Perille na data 25/10/2024 17:18:49

Paula Mouzo Mas na data 25/10/2024 17:18:56

Argimiro Marnotes Fernández na data 25/10/2024 17:19:09

Katherinie Varela Fernández na data 25/10/2024 17:19:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BGRSTB93p06A4t1wP-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Campero Dorado, José Manuel Mato Díaz, Encarnación Amigo Díaz, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Cecilia Vázquez Suárez e Enrique Barreiro Sánchez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A formación é a base de calquera actividade profesional, tamén no sector agrario. Neste respecto, cómpre sinalar que, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, a Consellería do Medio Rural é a encargada do funcionamento de ata seis centros de formación e experimentación agraria (CFEA, en adiante) –Pedro Murias de Ribadeo, Guísamo, Lourizán, Monforte de Lemos, Sergude e Becerreá–.

Estes centros están destinados a servir de panca para a profesionalización do sector primario agrario (agricultura, gandería, silvicultura e industria agroalimentaria) facendo atractiva a actividade e motivando o relevo xeracional. Neste sentido, cómpre sinalar que, segundo a propia Consellería do Medio Rural, neste curso 2024-2025 a oferta formativa no ámbito agrogandeiro e forestal consolídase cun total de 364 novas prazas que supoñen un incremento de preto do 10% con respecto ao curso anterior.

Este fito resulta certamente significativo, desde a óptica do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, xa que representa un crecemento da aposta por formacións con futuro relacionadas coa actividade agropecuaria que, ao tempo, na nosa comunidade atópase fortemente vencellada ao medio rural. E, de feito, incorpóranse novos ciclos formativos na modalidade dual intensiva, incidindo na alternancia entre o centro educativo e a empresa, de xeito que se favoreza a inserción laboral dos alumnos.

Neste contexto, é inevitable que a traxectoria destes espazos formativos, dependentes da Consellería do Medio Rural, continúen adaptándose ás necesidades e vicisitudes das actividades económicas ligadas ao medio rural da nosa comunidade, entroncando a súa potencialidade teórica coa práctica e ampliando horizontes no futuro do alumnado.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar apostando pola pluralidade da oferta formativa dos CFEA e a súa adaptación ao mercado laboral das actividades económicas vinculadas ao rural galego”.

Santiago de Compostela, 25 de outubro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 25/10/2024 17:28:39

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 25/10/2024 17:28:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/10/2024 17:29:01

Cecilia Vázquez Suárez na data 25/10/2024 17:29:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Ángel Rodríguez Conde na data 25/10/2024 17:29:18

Juan Manuel Casares Gándara na data 25/10/2024 17:29:33

Nicole Grueira Fernández na data 25/10/2024 17:29:48

Cristina Campero Dorado na data 25/10/2024 17:30:01

Enrique Barreiro Sánchez na data 25/10/2024 17:30:19

José Mato Díaz na data 25/10/2024 17:30:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A ciencia, a investigación e a innovación son ámbitos estratéxicos para a creación de riqueza, emprego e benestar. Nos últimos anos, a Xunta de Galicia realizou unha importante aposta por reforzar estes pilares.

Galicia inviste 751 millóns e I+D, é dicir, é o nivel máis alto de investimento en toda a serie histórica e, tamén, o máximo investimento en I+D per cápita. Este incremento sostido véñse traducindo nun aumento do peso da I+D na estrutura produtiva galega, é dicir, no peso que ten sobre o PIB.

O porcentaxe de investimento en I+D en relación co PIB incrementouse nun 20% nos últimos dez anos (2012-2022), o que situou a Galicia como a sétima comunidade autónoma que máis inviste neste campo a nivel estatal e a segunda comunidade que máis mellorou a súa posición.

Tamén a día de hoxe temos o maior número de persoas traballando en I+D+i da nosa historia e somos a sexta comunidade, situándose preto das 12.350 persoas.

Galicia entende que o talento investigador é fundamental para ser unha rexión avanzada e competitiva. Por iso, o Presidente da Xunta de Galicia anunciou que o Goberno galego está traballando na creación dunha nova institución que reforzará a capacidade de atraer e reter talento investigador excelente ós axentes do ecosistema de I+D+i.

Esta iniciativa complementará outros programas existentes de apoio ao desenvolvemento da carreira do talento investigador e contribuirá a reforzar o impacto da investigación na sociedade, facilitar a coordinación de proxectos de investigación,



captar fondos e promover redes de colaboración entre o sector público e privado ou intensificar a relación entre as universidades, os centros de investigación e as empresas.

Desde o Grupo Popular consideramos que a creación dunha institución deste tipo é unha excelente noticia para Galicia e, tamén, unha oportunidade para facelo a través do diálogo cos axentes da nosa Comunidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver un novo investimento que reforce a capacidade de atraer e reter talento investigador excelente xunto aos axentes do ecosistema de I+D+i, a través dun proceso de diálogo que incorpore a visión dos principais axentes da Comunidade”.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/10/2024 10:54:11

Julio García Comesaña na data 28/10/2024 10:54:25

Víctor Baladrón Lamas na data 28/10/2024 10:54:38

José Luis Ferro Iglesias na data 28/10/2024 10:54:48

Patricia García González na data 28/10/2024 10:55:00

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/10/2024 10:55:12

Carmen Pomar Tojo na data 28/10/2024 10:55:31

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/10/2024 10:55:49

Raúl Santamaría González na data 28/10/2024 10:55:58



Cecilia Vázquez Suárez na data 28/10/2024 10:56:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

CSV: BGRSTB93H5kk8fkk8-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Existe un amplo consenso á hora de considerar que o tren de alta velocidade entre Galicia e o Norte de Portugal é unha infraestrutura prioritaria e de vital importancia para mellorar a mobilidade dos cidadáns a un e a outro lado da fronteira. Tamén en que para facelo realidade é imprescindible intensificar o compromiso coa posta en marcha desta infraestrutura cunha mellor planificación, orzamentos e co establecemento de prazos realistas e concretos.

Baixo esta filosofía o presidente do Goberno da Xunta, Alfonso Rueda e o presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, Antonio Cunha, subscribiron en Valença do Minho un manifesto para esixir ante os seus respectivos gobernos estatais investimentos e un calendario encamiñados a garantir a conexión de alta velocidade entre Vigo-O Porto en 2032.

No manifesto conxunto tamén se reclama unha mellora do coñecido como Tren Celta, que une Vigo co Porto. En particular a necesidade de modernizalo porque actualmente a conexión e o material rodante desta liña non cumpre cos estándares actuais de eficiencia.

A esta petición sumáronse diferentes actores do tecido social e económico galegos como son as confederacións de empresarios de Galicia e das catro provincias; as deputacións de Lugo, Pontevedra e Ourense; a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp); as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT) Norte de Portugal, Río Miño e Chaves-Verín.

Tamén se uniron as universidades de Santiago e Coruña e os consellos sociais das tres universidades; o Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal; e a Fundación de Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER).





En liña con esta demanda o pasado 9 de outubro o Pleno do Parlamento galego aprobaba por unanimidade unha iniciativa impulsada polo Grupo Parlamentario Popular no que “se instaba á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que intensifique o compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira de Portugal, para o que é imprescindible e urxente un calendario coas actuacións e investimentos precisos para facelo realidade no prazo máis breve posible e, en particular, unha reserva orzamentaria suficiente para acometer a Saída Sur de Vigo; e avanzar no tramo que vai entre Porriño e a fronteira portuguesa”

Esa intensidade no compromiso pedíase ao Goberno de España co gallo da cimeira co Goberno Portugués prevista para o día 23 de outubro. Desafortunadamente nese foro o Goberno de España fixo oídos xordos a esa petición unánime do Parlamento de Galicia e deu prioridade a liña Madrid Lisboa, ao contrario que fixo o Goberno portugués, como xa adiantara o seu secretario de Estado nos medios de comunicación galegos, polo que hai mais dubida aínda de que os prazos para a liña Vigo Porto que manexa o Goberno español poidan ser cumpridos. Os retrasos que acumula o tramo Vigo- O Porriño e a posición do Goberno Español na cimeira con Portugal así o demostran.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar diante do Goberno de España a necesidade de que intensifique definitivamente o compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e a fronteira con Portugal, na mesma liña que acaba de facelo o Goberno portugués”.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/10/2024 10:41:04

Julio García Comesaña na data 28/10/2024 10:41:18

Miguel Fidalgo Iglesias na data 28/10/2024 10:41:31

Patricia García González na data 28/10/2024 10:41:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Gonzalo Trenor López na data 28/10/2024 10:41:55

Cristina Campero Dorado na data 28/10/2024 10:42:12

María Deza Martínez na data 28/10/2024 10:42:24

José Luis Ferro Iglesias na data 28/10/2024 10:42:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/10/2024 10:42:48

Argimiro Marnotes Fernández na data 28/10/2024 10:43:01

Carmen Pomar Tojo na data 28/10/2024 10:43:11

Roberto Rodríguez Martínez na data 28/10/2024 10:43:31

Katherinie Varela Fernández na data 28/10/2024 10:43:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a subestación eléctrica Maciñeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Ministros, na súa do 16 de abril de 2024, aprobou as Modificacións de Aspectos Puntuais do Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte de Enerxía Eléctrica 2021-2026, conxunto de novas actuacións que se incorporan ao Plan de acordo co disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, nos seus artigos 4.4 e 4.6, que identifican as situacións que poidan motivar novas incorporacións na planificación actual, que inclúen, entre outras, a construción de determinadas instalacións na rede de transporte, contempladas no actual instrumento de planificación, e que se consideren fundamentais para a transición enerxética e a electrificación da economía.

No caso galego, nomeadamente no concello de Transición Xusta das Pontes inclúese unha nova subestación Maciñeira 400 kV, con 3 posicións, como entrada-saída da liña Boimente-Mesón do Vento 400 kV, para 2026, para consumo e xeración/almacenamento. Nesta zona, a única subestación que cobre as necesidades de conexión desde a rede de transporte é a subestación do Nó de Transición Xusta As Pontes 400 kV, que non é ampliable e, segundo REE, tampouco ten capacidade de evacuación de xeración, situación que, a día de hoxe e despois de moitas demandas, aínda non ten unha explicación e xustificación por parte do MITECO, cando o Instituto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Transición Xusta, dependente de dito Ministerio, teno sinalado, xunto co seu concurso, como fortaleza e potencialidade no documento de diagnose para o aínda esperado Convenio da chamada Transición Xusta.

Segundo o MITECO, a xustificación da súa inclusión derívase da “necesidade de conectar un novo bombeo e novas demandas que, polo seu nivel de consumo eléctrico, requiren subministración directamente desde a rede de transporte. Porén, a Consellaría de Economía e Industria, nun informe do pasado mes de maio sobre das perspectivas industriais no concello das Pontes logo do peche da Central Térmica, sinalaba catro proxectos (a planta de produción de hidroxeno renovábel de H2POLE S.L., a fábrica de pneumáticos radiais de alto rendemento de SENTURY TIRE SPAIN S.L.U., a planta de biofibra branqueada de BIOFIBRAS DE GALICIA S.L.U. - GRUPO ENCE, e o centro verde de hidroxeno e amoníaco a partir de fontes de enerxías renovábeis de ESUH2 MJOLNIR S.L. - UNIVERSAL H2), cun investimento total de 1.127 millóns de euros e 994 empregos directos; tamén enunciaba dúas centrais hidroeléctricas reversíbeis e unha planta de acuicultura, todas no lago das Pontes.

Na actualidade, e segundo Resolución da Secretaría de Estado de Enerxía do mes de xuño, a capacidade de acceso do nó Maciñeira 400 kV, xunto co resto reflectidos no anexo, está reservada para concurso e, en consecuencia, non poderá concederse aplicando o criterio xeral, recollido no Real Decreto 1183/2020, da prioridade temporal segundo data e hora de presentación da solicitude de concesión da autorización de acceso e conexión ao xestor de rede. A capacidade publicada por REE é de 945 MW para Módulos de Xeración de Electricidade Síncronos e de 608 MW para os de Parque Eléctrico, con 94 e 61 MW reservados para autoconsumo en cada tipo de xeración, respectivamente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza demanda da Xunta que convoque unha reunión urxente entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e Cambio Climático, Rede Eléctrica de España, Concello da Pontes de García Rodríguez coa presenza de tódolos grupos municipais con representación no pleno, para analizar, debater e acordar sobre:

- Proxecto técnico e procedemento de tramitación da subestación eléctrica Maciñeira 400 kV.
- Reserva para concurso da capacidade do nó Maciñeira 400 kV e inclusión na listaxe de Nós de Transición Xusta.
- Desprazamento do puntos de evacuación dos parques eólicos coa obriga de obter a autorización administrativa de explotación antes de xullo de 2028, dende a subestación As Pontes 400 kV á Maciñeira 400 kV os permisos e autorizacións, co obxectivo de posibilitar axilizar a posta en marcha dos proxectos industriais anunciados e, de ser o caso, desenvolver o concurso de Transición Xusta no nó.”

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Ramón Fernández Alfonso

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 28/10/2024 13:39:29

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 28/10/2024 13:44:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/10/2024 13:45:19

Ana Pontón Mondelo na data 28/10/2024 13:45:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández e Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a moratoria do eucalipto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A masa forestal galega ocupa 1.794.483 hectáreas, o que representa o 60,7% de todo o territorio, e 5,7% do estatal (segundo os datos fornecidos pola Enquisa sobre superficies e rendementos de cultivos de 2023, elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA)).

A porcentaxe de superficie ocupada polo monte na Galiza é moi superior á media do Estado español e á media dos países da Unión Europea (UE). Mentres no espazo estatal representa 38,4% do total do territorio, no conxunto comunitario significa o 38,6%.

O incremento da superficie forestal vai ligado a unha caída da superficie agraria útil (SAU). **O Inventario Forestal Continuo de Galiza indica que o eucalipto ocupa 13,9% do total do territorio galego.** Na mesma dirección, significa como as plantacións desta especie non deixaron de medrar nos últimos 50 anos, **pasando de 131.000 hectáreas en 1973 a 413.086 hectáreas en 2023.** E aquí compre lembrar que o Plan forestal galego do ano 1992 permitía un máximo de 245.000 hectáreas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

eucalipto para 2032, cifra claramente superada á vista do certificado polos rexistros públicos.

As plantacións galegas de eucalipto representan 54,3% do total do Estado, e 27,5% do conxunto do continente europeo. A península Ibérica concentra 1.406.000 hectáreas, 760.000 no Estado español e 646.000 en Portugal. Ao tempo, Italia ten ocupado por esta especie ao redor de 70.000 hectáreas e Francia preto de 10.000, non contando ningún outro Estado europeo con plantacións desta especie, que suma 1.500.000 hectáreas en todo o continente.

A superficie ocupada polo eucalipto na Galiza supera en extensión a doutros Estados considerados como grandes produtores desta especie. As plantacións desta especie en Chile son de 232.000 hectáreas, no Uruguai de 217.000 hectáreas, en Nova Zelandia de 150.000 hectáreas, en Sudáfrica de 100.000 hectáreas, en Etiopía de 100.000 hectáreas e na China de 48.000 ha.

Nas últimas décadas, Galiza foi testemuña dun notable aumento do monocultivo de eucalipto, impulsado principalmente por *Eucalyptus globulus* Labill., que agora cobre o 26% das superficies forestais, o que duplicou respecto ao 13% de 2002. Esta expansión aumenta os problemas de fragmentación do hábitat. As plantacións de eucalipto, dominadas por *Eucalyptus globulus*, prosperan debido ao seu rápido crecemento, pero esgotan os nutrientes do solo e a diversidade bacteriana, o que dificulta a recuperación e o cultivo futuro nas áreas afectadas. Ademais *E. globulus* é unha especie ben adaptada ao lume; un fenómeno que tamén impulsa a posible aparición doutras especies invasoras como as acacias.

Se aumentaran as plantacións de eucalipto non sería pola vía de utilizar *E. globulus*, senón *E. nitens*, en boa parte porque a área de expansión observada en datas recentes está claramente fóra das súas necesidades de estación e, de xeito singular, por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enriba dos 500 metros de elevación sobre o nivel do mar. E, este extremo de aumento, iría en contra das propostas da primeira revisión do Plan Forestal de Galiza (Xunta de Galiza, 2021), que, entre as súas varias iniciativas de mellora do sector, inclúe a I.1.3, «Programa de actuación e iniciativas que contribúan a controlar a superficie dedicada a eucalipto», encadrada á súa vez dentro do seu eixo estratéxico I («Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais»). En esencia, a iniciativa I.1.3 argumenta que sería desexable reducir, ou polo menos manter estable, a superficie total ocupada por plantacións de eucalipto en Galiza: «O diagnóstico do monte e do sector forestal asociado, realizado polo GT [grupo de traballo] creado no Consello Forestal de Galiza para a 1ª revisión do PFG, indica que a superficie ocupada polas plantacións de eucaliptos non debe seguir aumentando e conclúe que deberían establecerse criterios técnicos e normas para limitar a súa expansión». Paralelamente, mellorarase a produtividade naquela superficie en que se circunscriban as masas de eucalipto, incrementando a taxa de aproveitamento co obxectivo de alcanzar un 90%.

Ademais das medidas de contención da expansión do eucalipto, é urxente a redución gradual da súa presenza en terras agrarias forestadas ilegalmente, zonas de protección de augas, zonas de protección do patrimonio cultural, de protección das infraestruturas e de costas. E, ademais, cómpre implantar medidas de conservación activas e sostíbeles para protexer os ecosistemas naturais e promover a biodiversidade nos os parques de espazos protexidos como pode ser o parque natural das Fragas do Eume, no que se produciu un incremento continuado de plantacións de eucalipto en detrimento do bosque atlántico.

Por outra parte, o BNG defende a reconversión de terreos forestais con plantacións de eucaliptos nas que esta especie non ten aproveitamento produtivo ou poden ter outra vocación, unha medida que debe impulsar o Goberno galego nas máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de 300.000 hectáreas de montes que xestiona mediante convenios, consorcios e outras figuras.

No actual contexto, resulta necesario aumentar en cinco anos a moratoria vixente de novas plantacións de eucaliptos, que remata a finais de 2025, tal como se prevé na Disposición transitoria novena. Repoboacións co xénero *Eucalyptus* da lei 11/2021 de recuperación da terra agraria. Unha moratoria que entrou en vigor en xullo de 2021 e que agora se fai necesario ampliar, entre outras razóns, para evitar a plantación masiva de eucaliptos que se produciría en amplas zonas do territorio galego no caso de levantarse a prohibición. Tamén a ampliación da moratoria é necesaria para acompasala coa que rexe no veciño Estado de Portugal que xa a aplica dende 2018 a norma que prohibe a plantación desta árbore até o 2030.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galega presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a

1. Iniciar os trámites para a modificación do previsto na Disposición transitoria novena no sentido de ampliar a moratoria a novas plantacións de eucalipto até o 31 de decembro de 2030.
2. Presentar un informe no parlamento sobre as plantacións ilegais de eucalipto e, nomeadamente, sobre aquelas que se levaron a cabo desde o anuncio da moratoria e sobre as actuación que levou a cabo o goberno galego en defensa da legalidade.
3. Levar a cabo un plan de reconversión de terreos forestais con plantacións de eucaliptos nos que esta especie non ten aproveitamento produtivo ou existen restricións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

legais, priorizando as actuacións nas máis de 300.000 hectáreas de montes que xestiona o goberno galego mediante convenios, consorcios e outras figuras.

4. Poñer en marcha medidas de redución gradual da presenza do eucalipto en terras agrarias forestadas, espazos naturais protexidos, zonas de protección de augas, zonas de protección do patrimonio cultural, zonas de protección de infraestruturas e zonas de protección de costas.

5. Incluír nos orzamentos de 2025 unha partida económica para financiar as actuacións recollidas nos puntos anteriores”.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Sonia Vidal Lamas

Ariadna Fernández González

Secundino Fernández Fernández

Deputado e deputadas G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 28/10/2024 16:39:01

Sonia Vidal Lamas na data 28/10/2024 16:39:27

Ariadna Fernández González na data 28/10/2024 16:39:47

Secundino Fernández Fernández na data 28/10/2024 16:40:01

Luis Bará Torres na data 28/10/2024 16:40:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a situación educativa no CEIP Pedrouzos de Brión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As crianzas con necesidades educativas especiais están a ser unhas das maiores damnificadas neste inicio de curso escolar após a política de recortes aplicada polo Partido Popular na Xunta de Galiza.

Neste senso, as familias do CEIP Pedrouzos de Brión levan anos trasladando a súa preocupación e o seu malestar perante a Consellería de Educación pola falta de atención a estas crianzas. A xefatura de Departamento de Orientación, que presta servizo ademais deste centro ás escolas unitarias dos Ánxeles e de Sabaxáns, está ocupada por unha persoa que leva máis dunha década en comisión de servizos, tempo durante o cal non se produciu ningunha estabilidade na súa cobertura, cambiando a persoa substituta cada curso, cando xa na memoria do departamento de Orientación do curso 2022-2023 se recollía que "cando ten a capacidade de ter unha visión clara das necesidades estamos a finais do segundo trimestre".

Por este motivo, a ANPA do centro reuniuse durante o curso pasado con Inspección, quen se comprometeu, segundo se recolle na acta da xuntanza, a “informar á Consellería da situación do departamento de orientación para a súa posible solución” e a “informar favorablemente a provisión dun PT [Pedagogía Terapéutica] a maiores o vindeiro curso”, “á vista da cantidade de alumnado con NEE”. Mais, unha vez iniciado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

este novo curso, certifícase a nova rotación do persoal do Departamento de Orientación e tamén o mantemento de unicamente 2 especialistas de PT, a pesar dese beneplácito a incorporar a unha terceira especialista.

Mais os problemas neste centro non se limitan ao alumnado con necesidades educativas especiais; no CEIP Pedrouzos tamén están a sufrir o recorte de profesorado de educación primaria. A respecto do catálogo da propia Consellería de Educación, o centro conta con dúas profesoras menos. Unha delas xa non foi cuberta durante todo o curso anterior, e a ela súmaselle a xubilación este ano doutra mestra. A solución da Consellería para cubrir estas dúas prazas foi dotar cunha única profesional a media xornada para 4ºEP, polo que neste curso non se están a cubrir as rateos establecidas na lexislación vixente sendo o factor limitante para o desdoblamento do curso a falta de profesorado, coa situación esperpéntica ademais, de que un grupo de 4ºEP ten a titoría compartida entre catro persoas: o xefe de estudos, o director, o mestre de Educación Física e esta profesional contratada unicamente a media xornada.

A maiores, o comedor escolar, servizo básico de conciliación e un recurso fundamental para a educación nutricional e o equilibrio alimentar das crianzas, está a ser controlado por persoal voluntario, fundamentalmente mulleres ás que este sistema precariza. Mais este persoal, que debera de ser a última opción por parte da Consellería, está a resultar escaso para as necesidades que presenta este comedor, polo que a opción facilitada por parte da consellería foi a de rebaixar as condicións para formar parte deste voluntariado e demandar do concello, que non ten as competencias neste ámbito, a súa cobertura.

Estas problemáticas foron postas por parte da ANPA Andaravía en coñecemento da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, mais sen obter ningunha resposta. Resposta que tampouco obtivo ata o momento a Valedora do Pobo tras requirir información a este respecto, tamén por iniciativa da ANPA. Mais si





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se manifestou a corporación municipal, apoiando de xeito unánime as demandas realizadas polas familias do CEIP Pedrouzos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Cubrir do xeito estábel posíbel a xefatura do Departamento de Orientación para garantir unha mellor atención ao alumnado do CEIP Pedrouzos e as EEI Os Ánxeles e EEI Sabaxáns.

2º.- Dotar ao CEIP Pedrouzos da 3ª persoa especialista en Pedagogía Terapéutica, segundo recomendou o propio servizo de Inspección Educativa.

3º.- Realizar de xeito inmediato a cobertura íntegra das dúas prazas vacantes en Educación Primaria, garantindo asemade o cumprimento das rateos establecidas actualmente.

4º.- Garantir a dotación do persoal encargado do comedor escolar para o seu correcto funcionamento”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 29/10/2024 09:29:04

Cristina Fernández Davila na data 29/10/2024 09:29:19

Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2024 09:29:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Mercedes Queixas Zas** e deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a integración lingüística das persoas migrantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega establece, entre os seus obxectivos para a área de Sociedade, “Incorporar a poboación inmigrante á lingua propia de Galicia, garantíndolle, para este fin, unha oferta formativa accesible, atractiva, gratuíta e de calidade”. Ademais, incorpora a inmigración unha exhaustiva análise diagnóstica da situación sociolingüística sobre o presente (do ano 2004, ano de aprobación do Plan) e o futuro da lingua galega, que inclúe os principais puntos fortes e fracos en relación coa chegada de persoas procedentes doutros países ou doutros lugares do Estado en relación coa súa incorporación ao uso da lingua galega.

O PXNLG tamén inclúe entre as súas medidas para a área de Sociedade “Establecer un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentir en Galicia, que contemple formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais”, entre as medidas para a área de Mocidade “Establecer programas de dinamización da lingua galega entre os colectivos de poboación de nova inmigración”, e entre as medidas para a propia área de Inmigración “Ofrecerlles aos inmigrantes cursos gratuítos, elementais e en galego de formación básica”, “Realizar cursos de lingua galega para inmigrantes para que se poidan comunicar e integrar nunha sociedade na que o uso do galego é un dereito constitucional maioritariamente exercido pola





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboación”. “Campaña para ver o inmigrante como un ser humano que cobre carencias e enriquece a nosa sociedade”, “Campaña dirixida aos inmigrantes motivándoos a aprender o galego no prazo de tres anos e crear un documento que acredite ese coñecemento e que puntúe á hora de optar a un traballo”, “Campañas de información (canda as de formación) e sobre o estatuto (histórico, xurídico, etc.) do galego”, “Creación dun premio anual á integración lingüística, que distinga o inmigrante que acadade maior nivel no dominio da lingua ou que máis destaque no seu uso”, “Excelencia técnica en galego”, “Establecer que os cursos de formación especializada para inmigrantes e que contén con axuda pública deben ser dados en lingua galega ou que, como mínimo, deben reservar un 10% das clases para facilitarlles aos alumnos toda a terminoloxía técnica desa materia en galego, para facer prácticas de expresión técnica nesa área en galego e garantir que a avaliación final certifique non só a competencia lingüística adquirida senón tamén a actitude positiva ante a lingua”, “Recomendar os mesmos criterios para o resto dos cursos de iniciativa privada”. “Intensa colaboración institucional con todas as entidades que ofrecen servizos sociais aos inmigrantes para a consecución dos obxectivos deste plan”, “Realización de cursos de iniciación ao galego específicos para inmigrantes, con especial atención ás mulleres”, “Campaña de información e sensibilización da escola, maiormente da privada, para mellorar a oferta educativa en galego e avaliar axeitadamente o conseguido”, “Regular que a diferente cultura dos inmigrantes se utilice nas aulas como contraste do que os alumnos galegos tamén teñen que aprender para se faceren cidadáns solidarios dun mundo globalizado”, “Facilitar institucionalmente a creación de casas de América, de África, Árabe e Eslava en Galicia, nas que os inmigrantes poidan manter as súas raíces, establecer vínculos afectivos, celebrar as súas festas pero nas que teñan cursos de lingua e cultura galega dados en clave de identidade”, “Edición anual dun volume con textos literarios de cada unha das linguas de todos os inmigrantes de Galicia vertidos en lingua galega”, “Presentar o esforzo de normalización da lingua galega como o mesmo esforzo que eles deben manter por non perderen as súas raíces culturais”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos últimos días, desde que se coñeceron os datos de coñecemento e uso da lingua galega do Instituto Galego de Estatística, o goberno galego insistiu en responsabilizar o colectivo de persoas procedentes de fóra da importante baixada do número de falantes de galego. Alén disto, o goberno insiste en que o da inmigración é un “factor novo”, feito que fica desmentido pola ampla e exhaustiva diagnose que inclúe o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004) en relación con este asunto, ademais da gran cantidade de medidas que indica para facilitar a incorporación de persoas vidas de fóra á lingua galega, polo que no momento actual non fai sentido indicar que a situación de chegada de persoas de fóra sexa nova.

De entre todas estas medidas, o goberno galego apenas puxo en marcha ningunha, polo que a falta de actuación ao respecto da chegada de residentes que non teñen o galego entre as súas linguas, a pesar da diagnose e das medidas propostas no PXNL non permite utilizalas como pretexto para a baixada de falantes de galego.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1. Establecer un calendario de aplicación das medidas dirixidas á inmigración que figuran no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.
2. Revisar o proceso de exención de lingua galega do alumnado que se incorpora ao sistema educativo desde fóra de Galiza, de xeito que permita unha incorporación progresiva, e que traballe co obxectivo de procurar unha idea positiva da lingua galega.
3. Establecer un plan para as persoas que se incorporan a traballar na administración pública galega sen ter coñecementos da lingua galega, que inclúa,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ademais dos coñecementos propiamente lingüísticos, formación sobre os dereitos lingüísticos das persoas administradas.”

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2024 09:40:43

Iria Taibo Corsanego na data 29/10/2024 09:41:43

Mercedes Queixas Zas na data 29/10/2024 09:54:52

Daniel Castro García na data 29/10/2024 09:54:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a situación do CPI Pecalama de Tordoia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política de recortes que vén practicando o Partido Popular afecta sobre todo aos servizos públicos, con consecuencias máis graves aínda no rural.

O concello de Tordoia, concello fundamentalmente rural, conta cun único centro de ensino para as crianzas e adolescentes do municipio. O CPI Pecalama ten matriculadas unas 50 alumnas en Educación Infantil. Após a redución da matrícula que se produciu no curso 2021-2022, desde a Consellería reducíronse a dúas aulas e dúas profesoras para prestar asistencia nesta etapa educativa. Mais a pesar de que se reverteu esa situación e a matrícula se incrementou, en ningún momento se recuperou a dotación que o centro tiña previamente, polo que actualmente estas 50 alumnas só contan con dúas profesoras para brindarlles a atención á que teñen dereito.

Cómpre ter presente que neste centro existen múltiples crianzas con necesidades educativas especiais. O propio alumnado de 4º de educación infantil, que acaba de comezar a súa escolarización, aínda non conta con diagnósticos máis son varias as crianzas que están a ser atendidas en Atención Temperá ou en lista de agarda, polo que se pode previr que se producirán novos diagnósticos. A elas súmanse alumnado con diferentes necesidades educativas (problemas graves de conduta, trastornos do espectro autista, trastorno de déficit de atención e hiperactividade, etc.), co cal se fai evidente a necesidade de profesorado de apoio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As familias teñen manifestado estas circunstancias perante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, co aval dunhas 200 sinaturas recollidas unicamente en 4 días, mais a resposta da Administración desatende esta petición.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Incrementar o cadro de persoal cunha nova profesional de Educación Infantil para o CPI Pecalama de xeito que se garanta unha correcta atención do alumnado, tamén nos centros do rural.

2º.- Garantir o correcto funcionamento do departamento de Orientación e profesional especialista de apoio, asegurando unha correcta atención a todas as crianzas con necesidades educativas especiais”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 29/10/2024 10:03:41

Cristina Fernández Davila na data 29/10/2024 10:03:53

Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2024 10:04:05





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

O ano 2025 déixanos a terrible cifra de 3 mulleres asasinadas, vítimas de violencia de xénero, unha media de 19 denuncias ao día e os últimos datos recollidos do 1º semestre de 2024 dinnos que se pediron ante os xulgados de violencia sobre a muller 448 ordes de protección, das que se concederon o 63,8 % e os órganos xudiciais galegos ditaron 584 sentencias, das cales o 83,5 % foron condenatorias.

A pesares de que cada vez son máis os recursos destinados a loitar contra a violencia machista e a protexer as mulleres vítimas, non podemos obviar que algo está a fallar.

A violencia machista constitúe hoxe o principal obstáculo para sermos unha sociedade plenamente democrática e os gobernos de todas as administracións deberían situar esta preocupación nun lugar prioritario das súas axendas políticas.

O Convenio de Estambul entende a “violencia contra as mulleres” como unha violación dos dereitos humanos e unha forma de discriminación contra as mulleres, e engloba todos os actos de violencia baseados no xénero que implican ou poden implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar





devanditos actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, na vida pública ou privada.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, considera formas de violencia de xénero a violencia física, psicolóxica e económica; violencia, abuso e acoso sexual; a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual; a violencia vicaria exercida utilizando aos menores; violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller; a explotación sexual; e calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou liberdade das mulleres.

Os socialistas e as socialistas entendemos que é urxente que dende a Administración autonómica se poñan traballar en 3 frontes fundamentais co fin de acadar un marco global de protección e asistencia a todas as vítimas de violencia contra as mulleres:

a) **A prevención**, a través da educación regrada, mediante a ensinanza de temas como a igualdade entre mulleres e homes, os papeis non estereotipados dos xéneros, o respecto mutuo, a solución non violenta de conflitos nas relacións interpersoais, a violencia contra as mulleres por razóns de xénero, o dereito á integridade persoal, violencia sexual, pornografía, prostitución... adaptando estes contidos á fase de desenvolvemento do alumnado.

b) **A sensibilización e a información** tratando as necesidades específicas das persoas que sexan potencialmente vulnerables debido a circunstancias particulares, para que a sociedade se implique na loita contra a violencia de xénero e para que as vítimas coñezan os recursos cos que contan.





c) **A protección e apoio asistencial** ás vítimas de violencia machista a través dunha coordinación axeitada que permita responder ás necesidades específicas da muller que dá o paso de denunciar.

Conscientes desta necesidade, dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos que o Goberno galego desenvolva diferentes medidas que contribúan, baixo un enfoque integrado e integral, eliminar a violencia contra as mulleres e protexelas.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Incluír a educación afectivo-sexual nos proxectos curriculares dos centros de ensinanza obrigatoria a partir do vindeiro curso 25/26.
2. Planificar e establecer un programa específico de formación ao profesorado para garantir e impulsar a partir do vindeiro curso 25/26 actividades e recursos formativos en materia afectivo sexual, en primaria e E.S.O, en todos os centros públicos da comunidade.
3. Incremento de programas de formación en igualdade e prevención da violencia machista, valorando a súa obrigatoriedade en ámbitos como o sanitario, a educación ou a xustiza ou profesións dentro do eido social. Esixindo esta formación aos profesionais que desenvolvan a súa actividade en servizos externalizados pola Xunta do eido social, familiar ou xurídico.
4. Modificar o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento para:





a. Incorporar a figura de axente de igualdade entre o persoal necesario para o normal funcionamento do CIM.

b. Regular con criterios obxectivos as necesidades cuantitativas e cualitativas das e dos profesionais cos que debe contar un CIM, establecendo ratios do persoal requirido en función da poboación de mulleres, demanda recibida e as actividades que se acrediten que se realizan.

c. Establecer como requisito para ser persoal cualificado dun CIM (dirección, asesoría xurídica ou psicolóxica, axente de igualdade) ter realizado un mínimo de 500 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes, para contribuír a unha maior especialización do persoal dos CIM.

d. Establecer que ningunha muller teña que se desprazar máis de 15 quilómetros do seu domicilio para poder ser atendida nun CIM.

5. Actualizar, antes de que remate o actual período de sesións, o Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia co fin de dar unha resposta multidisciplinar efectiva a todas as mulleres vítimas (xurídica, económica, psicolóxica, laboral, habitacional).

6. Presentar no Parlamento de Galicia antes de que remate o actual período de sesións ou no primeiro trimestre de 2025, un informe de seguimento da execución do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

7. Poñer en marcha actuacións para perseguir as accións de proxenetas e tratantes de seres humanos con fins de explotación sexual que permitan





desincentivar a demanda e compra de prostitución, dentro do marco legal e en colaboración con outras administracións (revisións de autorizacións administrativas de locais, impulsar a participación da sociedade civil en denunciar estas situacións, modificacións lexislativas que procedan...) para traballar por unha Galicia libre de prostitución, garantindo sempre a protección das mulleres prostituídas.

8. Apertura no ano 2025 dos centros de crise 24 horas para dar resposta a agresións sexuais, nas cidades de Pontevedra e A Coruña.

9. Estender a rede de centros de acollida ou vivendas de transición para vítimas de violencia de xénero ás cidades de Pontevedra e Santiago.

10. Colaborar, a través da Fegamp, na implantación en todos os concellos galegos do *Protocolo* de actuación contra as violencias sexuais e LGBTI fóbicas nos espazos de lecer *nocturno*.

11. Impulsar campañas de sensibilización e información, dirixidas aos diferentes sectores de poboación, co fin de contrarrestar as mensaxes negacionistas e incrementar a concienciación e comprensión pola cidadanía das distintas manifestacións das formas de violencia contra as mulleres.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/10/2024 12:40:32





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2024 12:45:32
Nº Rexistro: 13848
Data envío: 29/10/2024 12:45:32.105

Elena Espinosa Mangana na data 29/10/2024 12:40:42

Silvia Longueira Castro na data 29/10/2024 12:40:53

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/10/2024 12:41:08

CSV: B6P1S1R3D3C1D1N1Z1B1R1P64
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

47147

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Cristina Fernández Davila e Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a atención do alumnado con necesidades educativas especiais no CPI Plurilingüe de Monterroso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde finais do curso pasado (2023-2024) as nais e pais de alumnado con necesidades educativas especiais do CPI Plurilingüe de Monterroso veñen reclamando á Xunta de Galiza máis profesorado PT e AL. Fano ao considerar que as súas fillas e fillos non están a dispor dos recursos que precisan para garantir a súa correcta atención e aprendizaxe.

Malia as súas demandas, a Consellaría de Educación non dotou de máis persoal coidador, de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe o centro ficando no curso actual (2014-2025) o alumnado de segundo ciclo de Infantil atendido por un único PT, un único AL e un único coidador.

No CPI Plurilingüe de Monterroso hai seis estudantes con necesidades educativas especiais, segundo trasladaron as familias ao G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Tres estudantes con TEA e un máis pendente de ser diagnosticado polos servizos da unidade TEA de Ourense; un alumno con parálise cerebral e outro cunha discapacidade recoñecida do 33%.

Para o Bloque Nacionalista Galego a escolarización en centros ordinarios de todo o alumnado é a garantía dun dereito de inclusión social, porén, non pode facerse





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sen os recursos humanos, materiais e económicos necesarios. A falta de apoios e de atención especializada supón un lastre para o alumnado NEES e NEAE mais tamén un prexuízo para o resto do estudantado que impide o correcto desenvolvemento do labor educativo.

A situación na que se atopa o CPI Plurilingüe de Monterroso non é extraordinaria nin única. Neste inicio de curso estamos a ver como se suceden a falta de persoal e recursos para a debida atención da diversidade en moitos centros educativos da provincia de Lugo e, en xeral, de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dotar de máis recursos humanos especializados o CPI Plurilingüe de Monterroso co obxectivo de garantir a máxima calidade na atención e apoio do alumnado con necesidades educativas especiais.”

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 29/10/2024 16:33:04

Cristina Fernández Davila na data 29/10/2024 16:34:11

Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2024 16:34:14





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe unha gran diversidade de solucións que facilitan a transición cara a un sistema enerxético baixo en emisións. Dentro desta diversidade de actores aparece por primeira vez a nivel Europeo, o 30 de novembro de 2016 (Directiva COMO (2016) 864), a figura de Comunidade Enerxética.

Segundo o Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) entidade dependente do Ministerio de Transición ecolóxica, competente na materia para a transposición das directivas europeas 2018/2001 e 2019/944 ao Regulamento español, unha comunidade enerxética local é “unha nova figura na cadea de valor socioeconómico do sector enerxético e un novo actor no gran abanico do escenario da transición enerxética. O seu papel reside a facilitar a participación proactiva dos amplos sectores da sociedade sobre a cadea de valor da enerxía, sempre desde unha posición local en canto ao territorio onde operan e en canto ao beneficio socioeconómico que xeran”.

Unha vez trasposta a definición das directivas ao ordenamento xurídico español, a Comunidade de Enerxías Renovables (CER) defínese e ten que cumprir os seguintes requisitos:

- Ser unha entidade xurídica de participación aberta e voluntaria.
- A entidade está controlada efectivamente polos seus socios ou membros (non hai un socio maioritario).



- O seu obxectivo é brindar beneficios sociais e ambientais nas zonas onde opera (ámbito).
- A entidade non persegue unha finalidade de obter ganancias financeiras (repartir dividendos).
- Os activos son propiedade da entidade xurídica Comunidade.
- Os socios ou membros sexan persoas físicas, pemes ou autoridades locais, incluídos os municipios.

As actividades principais con impacto social e ambiental que pode desenvolver unha comunidade enerxética local son:

- Xeración de enerxía principalmente procedente de fontes renovables.
- Prestación de diferentes servizos como a subministración, intercambio, asesoramento ou almacenamento de enerxía aos membros.
- Prestación de servizos de eficiencia enerxética.
- Prestación de servizos de recarga para vehículos eléctricos ou outros servizos enerxéticos.
- Todos poden participar no control enerxético do sistema.
- Participación social e mellora das condicións de vida en zonas rurais e urbanas.
- O uso de tecnoloxías limpas que xeran calor e/ou electricidade ofrecen alternativas seguras, fiables, limpas e cada vez máis rendibles ás nosas necesidades enerxéticas, contribuíndo así a reducir as emisións de gases contaminantes e ao impacto negativo do cambio climático.
- Investimento en eficiencia enerxética, pobreza enerxética, iniciativas de solidariedade para garantir que ninguén queda atrás e que todos poidan beneficiarse do sistema enerxético, incluídos os máis vulnerables.
- Educación e capacitación para membros, escolares e/ou o público en xeral.
- Promoción da democracia enerxética e apoderamento cidadán.





Así, podemos afirmar que as comunidades enerxéticas locais ofrecen a oportunidade de impulsar rapidamente a transición enerxética cara un sistema enerxético renovable, descentralizado, democrático e resiliente.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incentivar a participación da cidadanía nas comunidades enerxéticas locais para impulsar as vantaxes do autoconsumo compartido.
2. Crear unha plataforma de acceso público con todas as comunidades enerxéticas locais que inclúa os datos máis relevantes, e visibilice tanto a natureza das mesmas como o impacto positivo de cada unha delas nas localidades onde operan (natureza, cantidade de enerxía producida, tipo de enerxía, pegada de carbono e demais).
3. Dotar de recursos para a constitución das comunidades enerxéticas a través dunha liña de axudas para a contratación de asistencias técnica: realización de estudos de viabilidade, formulación de plans de negocio e/o plans de financiamento e para a instalación de enerxías renovables, sistemas de almacenamento de enerxía, vehículos cero emisións e puntos de carga.

Santiago de Compostela, 29 de outubro do 2024

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2024 16:48:38
Nº Rexistro: 13865
Data envío: 29/10/2024 16:48:38,294

Patricia Iglesias Rey na data 29/10/2024 16:43:14

Lara Méndez López na data 29/10/2024 16:43:26

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/10/2024 16:43:34

CSV: B0PISJTB03-E156038180-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

47154

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, María Deza Martínez, Encarna Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Borja Vereas Fraiz e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A situación da factoría de alúmina e aluminio na Mariña lucense continúa a ser de gran incerteza. O Goberno de España non foi quen en todo este tempo de garantir un marco enerxético estable e competitivo e a proposta de acordo entre Alcoa e Ignis EQT, que prevé incorporar esta segunda compañía como socio investidor, está condicionada ao apoio das administración e dos traballadores.

Ademais, recentemente vén de confirmarse que a factoría non poderá optar nesta anualidade a recibir ás axudas do mecanismo de compensación de custes de emisións indirectas de CO2, nin beneficiarse dos recursos procedentes dos fondos europeos vinculados ao Perte para a descarbonización.

A isto hai que engadir que o Goberno de España non convoca a Mesa de Seguimento de Alcoa pese ás reiteradas peticións que teñen formulado tanto o comité de empresa como a Xunta de Galicia, co obxecto de facer análise da situación descrita e do cumprimento do pacto de viabilidade que asinaron traballadores e empresas e que incluía unha serie de investimentos nesta factoría.

Cómpre non esquecer o valor estratéxico que supón que a única fábrica de produción de aluminio primario que opera en España continúe activa. De feito, a súa actividade foi declarada esencial durante con motivo do Estado de alarma declarado durante a pandemia da covid-19 ao considerarse o aluminio como un metal básico para moitos sectores -a construción, a automoción, a farmacia ou o sector agroalimentario, entre outros-.

Tampouco hai que esquecer a relevancia dunha empresa cuxa actividade representa o 30% do PIB da provincia de Lugo, o que a converte nun dos principais motores económicos e de emprego da provincia e do conxunto da comunidade, así como a principal industria electrointensiva do país.



Finalmente resulta paradoxal que mentres outras empresas consideradas estratéxicas para o Goberno de España como Telefónica, Air Europa e, máis recentemente, Arcelor, entre outras, recibiron axudas públicas e apoios extraordinarios como o rescate, a factoría da Mariña non está a recibir o mesmo trato.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución, trasladar o seu apoio aos traballadores e traballadoras que, directa ou indirectamente, vénse afectados pola situación de incerteza da fábrica de alúmina e aluminio da Mariña lucense e amosa a súa solidariedade polas familias afectadas.

Asemade insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

- 1º- Convocar, de xeito urxente e inmediato, a mesa de seguimento do pacto de viabilidade coa participación ao máis alto nivel dos titulares dos ministerios de Industria e Turismo e de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.
- 2º- Esixir o compromiso para a consignación dos 74M€ correspondentes ao mecanismo de compensación de custes de emisións indirectas de CO₂, que non percibiu esta empresa entre os anos 2018 e 2021 e o aumento da dotación orzamentaria destas axudas ata o máximo legalmente permitido pola normativa europea.
- 3º- Autorizar, sen máis dilación, os parques eólicos de competencia estatal vencellados a contratos a longo prazo para a produción de enerxía a prezos competitivos (PPAs) que prevén subministrar á factoría mariñá.



- 4º- Articular unha liña de axudas públicas e apoios extraordinarios que garantan o investimento para a modernización da planta no mesmo sentido que as que recibiron outras empresas tamén declaradas estratéxicas polo Estado.”

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 29/10/2024 17:51:27

Elena Candia López na data 29/10/2024 17:51:45

Rubén Lorenzo Gómez na data 29/10/2024 17:53:42

Cristina Sanz Arias na data 29/10/2024 17:54:04

María Deza Martínez na data 29/10/2024 17:54:20

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/10/2024 17:54:34

Miguel Fidalgo Iglesias na data 29/10/2024 17:54:42

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/10/2024 17:54:53

Ángel Rodríguez Conde na data 29/10/2024 17:55:01

Borja Vereza Fraiz na data 29/10/2024 17:55:11

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 29/10/2024 17:55:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

O pasado día 23 de outubro, tivemos coñecemento de que o Sergas, ofrecera aos pacientes de oncoloxía da área sanitaria de Vigo, ser tratados no Complexo Hospitalario de Ourense (CHOU).

A xustificación que daba o propio Sergas, era o incremento de pacientes que se someten a radioterapia no Hospital Meixoeiro de Vigo, que atende non só a área Sanitaria de Vigo, senón tamén a de Pontevedra-Salnés.

No mes de xullo, coincidindo coa comparecencia no Pleno do Parlamento de Galicia, do conselleiro de Sanidade, transmitíase a preocupación do servizo de oncoloxía na cidade de Vigo.

No mes de setembro, tamén foi motivo de atención no pleno do Parlamento de Galicia o hospital de día do Hospital Álvaro Cunqueiro. Hospital de día que está saturado por incumprimento na execución do proxecto do Álvaro Cunqueiro.

Estamos de novo ante unha imprevisión por parte da Xunta de Galicia. E ante a falta de medios para dar resposta neste caso aos enfermos oncolóxicos.

E de novo unha presión máis para os profesionais sanitarios. Profesionais aos que queremos facer chegar o agradecemento e recoñecemento polo seu traballo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2024 18:07:45
Nº Rexistro: 13872
Data envío: 29/10/2024 18:07:45,389

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Solucionar de forma inmediata a situación dos pacientes oncolóxicos de Vigo, que se pretende que sexan atendidos no CHOU.
2. Incrementar os medios materiais e humanos no servizo de radioterapia de Vigo con previsión a curto-medio e longo prazo.
3. Presentar un informe antes do 31 de xaneiro de 2025, onde se recolla a situación de medios humanos e materiais de todos os servizos vinculados cos pacientes oncolóxicos na cidade de Vigo e a situación da listas de espera en cada un dos servizos afectados.

Parlamento de Galicia, 29 de outubro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 29/10/2024 17:57:10

Carlos López Font na data 29/10/2024 17:57:30

Silvia Longueira Castro na data 29/10/2024 17:57:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/10/2024 17:58:01

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

47159

@PSdeG



CSV: BGPSTBDB36169w6h1E-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a conservación do patrimonio bibliográfico galego depositado na Biblioteca Juan Compañel de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Biblioteca Central Juan Compañel de Vigo é un centro cultural esencial para garantirlle á cidadanía viguesa o dereito de acceso á lectura e á cultura.

A Biblioteca sitúase nun edificio histórico do Concello de Vigo desde 1995, e conta con varias coleccións de materiais bibliográficos: colección de préstamo, documentos de consulta en sala, sección xuvenil, sección infantil, hemeroteca, audiovisuais, fondo local (Fondo Vigo) e comiteca.

O Fondo Vigo está formado por todos os documentos relacionados coa cidade, inclúe as obras procedentes do depósito legal unha parte dos seus fondos son prestables, xa que o resto están reservados para consulta en sala. O depósito legal ten como finalidade, como indica a Lei 23/2011, de 29 de xullo, de depósito legal, “recompilar, almacenar e conservar, nos centros de conservación da Administración Xeral do Estado e das Comunidades Autónomas, as publicacións que constitúen o patrimonio bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual e dixital español, co obxecto de preservalo e legalo ás xeracións futuras, velar pola súa difusión e permitir o acceso ao mesmo para garantir o dereito de acceso á cultura, á información e á investigación”. O Fondo Vigo,





o fondo antigo, o depósito xeral, as obras procedentes do depósito legal, o depósito de hemeroteca e o depósito infantil están instalados no soto do edificio.

O pasado mes de xullo produciuse unha avaría nas tubaxes de subministro de auga do Concello de Vigo, que tivo como resultado o asolagamento do soto da Biblioteca Juan Compañel, e máis concretamente do depósito do Fondo Local (Fondo Vigo), co conseguente deterioro de parte do seu fondo e das súas instalacións.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta a tomar as medidas necesarias para garantir a correcta conservación do patrimonio bibliográfico galego depositado na Biblioteca Juan Compañel de Vigo, así como a consulta pública da totalidade do depósito do Fondo Local (Fondo Vigo)”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2024

Asdo.: Carmela González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Mercedes Queixas Zas

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 30/10/2024 08:52:30

Alexandra Fernández Gómez na data 30/10/2024 08:52:42

Mercedes Queixas Zas na data 30/10/2024 08:52:54

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 30/10/2024 08:53:05

Ana Pontón Mondelo na data 30/10/2024 08:53:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Xosé Manuel Golpe Acuña** e da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre os problemas no CAPD Souto de Leixa no Concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de atención a persoas con discapacidade Souto de Leixa, da Consellaría de Política social, situado no Concello de Ferrol, ven sendo obxecto de debate social neste Parlamento case desde o momento mesmo da privatización da súa xestión a favor da empresa CLECE, do grupo ACS.

Esta concesión foi adxudicada a finais do ano 2010 por un prazo inicial de 3 anos e, segundo recollen os pregos da contratación, podería prorrogarse até o máximo legal a través de sucesivas prórrogas.

Nestes momentos é a empresa SAMAIN, propiedade de CLECE, a que presta o servizo, e malia as reiteradas solicitudes de información presentadas polo Grupo parlamentar do BNG descoñecemos en que condicións se produciu a sucesión dunha empresa pola outra así como as prórrogas.

A dramática situación do servizo e a inacción da Xunta de Galiza deu lugar á constitución dunha plataforma cidadá en defensa dos dereitos das persoas residentes no centro Souto de Leixa chamada AGORA SOUTO e que foi presentada en público o pasado 12 de xullo deste ano 2024. Desta plataforma fan parte algunhas familias de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas residentes no centro, o comité de empresa, diferentes entidades sociais de Ferrol do ámbito da discapacidade e o propio BNG.

Nos últimos meses a situación non fixo máis que empeorar. O estado das recentes obras realizadas deixa moito que desexar e a xa denunciada, e polo tanto coñecida pola Xunta de Galiza, falta de persoal segue a provocar situacións absolutamente intolerábeis.

Estamos a falar de agresións ao persoal coidador e outras, de todo tipo, entre as propias persoas residentes. Nos últimos meses fomos coñecedores de varias casos de agresións sexuais, algún que transcendeu a través da prensa e outros a través das familias das persoas residentes.

A actitude da dirección do centro cara as familias e persoal que participa da Plataforma en defensa dos dereitos das persoas residentes roza a coacción no seu intento de boicotear a denuncia pública do que alí acontece.

A situación das condicións de vida das persoas residentes no centro non poden ser descoñecidas para a Xunta de Galiza agás que deliberadamente teñan decidido desentenderse do problema.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a recuperar a xestión pública do CAPD Souto de Leixa situado no Concello de Ferrol.”

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/10/2024 09:16:18

José Manuel Golpe Acuña na data 30/10/2024 09:19:47

Olalla Rodil Fernández na data 30/10/2024 09:19:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo, Brais Ruanova Vilas-Boas e Xosé Manuel Golpe Acuña** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre o accidente mortal acontecido no estaleiro da empresa Blascar na Graña, no Concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

